



REXURDIMENTO

2018 - Parque Rego da Balsa - Isa Fernández e O'Mighelo

Os creadores Isa Fernández e Miguel Anxo Calvo, coñecido como O'Mighelo, foron os creadores que artellaron esta escultura a partir da madeira dun ciprés centenario situado no corazón do Xardín Municipal. En 2015 un forte temporal tumbou a árbore que agora pervive en forma de escultura no Parque Rego da Balsa. Madeira maciza que traballaron durante varios meses para mudar nunha homenaxe á emigración. Unha maleta que marcha, o sofá do fogar e unha familia dividida, pero que sempre estará unida a pesar de que o estea a través dos sufrimentos dun arame de espiño, son as figuras que compoñen esta obra que tamén simboliza o "rexurdir" do ciprés que adquiriu así unha nova vida.

ALÉN

2019 - Praza do Hospital - Fabián Lage

Un artesán local, Fabián Lage, tamén creou esta escultura -a súa primeira obra escultórica- a partir do ciprés centenario derrubado polo temporal de 2015. A peza, de gran tamaño, ofrece un variado espectro cromático no que a luz xoga un papel fundamental, tanto para potenciar a intensidade das cores como para percibir o cúmulo de sensacións que pretende transmitir. "Alén" é vida despois da morte, un renacemento que nos permita vivir e convivir con dignidade e unha actitude vital. Lage tamén creou o mobiliario urbano para Praza do Hospital. O resultado fala por si mesmo, nun proceso que levou tres anos, 1.800 horas de traballo e 10.000 liscos de pòla de ciprés só para a construción dos bancos, papeleiras e xardineiras.



MONUMENTO AO PAN

2020 - Rego da Balsa - Acisclo Manzano

O pan é un dos símbolos de Carballo e agora ten a súa homenaxe en escultura grazas a unha iniciativa da Asociación Cultural Lumieira. O artista ourensán Acisclo Manzano, escultor de ampla traxectoria que traballou no seu día no obradoiro de Asorey ou xunto con nomes como o de Manuel Bucifios, foi o encargado da obra, que está acompañada por unha placa conmemorativa elaborada pola oleira de Buño Carmen Isabel. A escultura reflicte a deusa romana Ceres, que daba orixe aos cereais e ao pan, aos alimentos. As formas redondeadas da obra están identificando o molete carballés e despois está o pobo.



MÁGOA

2020 - Contorna do Fórum Carballo - Fabián Lage

Carballo lembrará para sempre ás vítimas da COVID-19 a través dunha escultura titulada "Mágoa", obra do artista local Fabián Lage, que pretende ser unha crítica ao capitalismo salvaxe e ao mesmo tempo promover, en palabras do seu autor, "un pensamento colectivo de cambio". Unha figura feminina constitúe o centro da composición, na que destacan as mans como nexo de unión entre as pezas e o fundamento filosófico da obra e a máscara



www.turismocarballo.com
turismo@carballo.gal
Tfno. 981 702 077 | 698 156 402

CRUCEIRO DE BUCIÑOS

1982 - Praza de Galicia - Buciños

Este cruceiro sorprende a primeira vista pola súa modernidade e polo seu xogo de curvas e ocós. Foi descuberto no ano 1982, nun acto de homenaxe ao intelectual carballés, Alfredo Brañas. O seu autor, Manuel García Vázquez, máis coñecido como Buciños, é un dos escultores galegos de máis renome, xa que conta con obras expostas nas principais salas de arte internacionais. Esta obra érguese en pleno centro neuráxico da vila, na Praza de Galicia, a poucos metros da casa natal do escritor e político. A súa inauguración tivo lugar no transcurso dunha semana cultural dedicada ao autor no que participaron varios intelectuais galeguistas de principios dos anos 80, como Ramón Piñeiro, Fernández del Riego e Rafael Dieste.



ARTILUXIO

2007 - Rúa do Sol - Francisco Pazos

A escultura Artiluxio foi creada por Francisco Pazos e ocupa, dende 2007, o centro da glorieta da rúa do Sol. Cos seus 7,5 metros de alto, introduce na contorna un peculiar contraste: o da pedra sobre o fondo urbanizado. É unha escultura fundamentalmente de granito, combinado con aceiro coten e aluminio, que pode recordar algún trebello quizais ancestral, imaxinario.

Liñas sinxelas, formas suaves, inspiración no rural ou reminiscencias da cultura castrexa son características nas obras deste escultor de Meaño, tamén mestre canteiro, que gusta de combinar a pedra con outros elementos, como metal ou madeira. Está situada nunha das principais entradas a Carballo, a do barrio da Ponte, cruce de camiños cara a Ordes, Fisterra e Santiago.



O ESCALO

2007 - Polígono de Bértoa- Manuel Facal

Na rotonda de acceso ao polígono industrial de Bértoa encontrarás esta escultura do 2007, deseñada por Manuel Facal. Chaman a atención as súas dimensións e a súa cor que destaca, nos días claros, sobre o horizonte azul. Ten 13,50 metros de alto e pesa 3.200 quilos. Trátase dun enorme peixe vermello, con cola de aceiro e elaborado case integramente con refugallos de metal. A creación de Facal representa un escalo, un peixe alongado de auga doce que habita na auga do río que nos cruza, o Anllóns.

ESCULTURA DE ALFREDO BRAÑAS

2005 - Rúa Coruña - César Lombera

Esta escultura de bronce, inspirada nun óleo de José María Fenollera, está situada á beira da casa na que veu ao mundo o político e escritor rexionalista, Alfredo Brañas. Foi elaborada por César Lombera, o mesmo escultor que realizou, para a Alameda de Santiago de Compostela, as figuras de As Marias e de Valle Inclán.

Carballo foi berce deste pai do rexionalismo galego. Intelectual de vida curta pero intensa, que labrou para Galicia un proxecto político e, sobre todo, un ideal: a confianza na nosa maioría de idade. Mesmo chegou a configurar Brañas a distribución de competencias entre o poder central e o rexional nunha época na que non se concibía máis poder que o centralizado en mans do goberno do Estado.

Escritor, avogado, catedrático de Dereito, concelleiro en Santiago, Brañas combinou o seu proxecto rexionalista de inspiración tradicionalista co seu ideario catolicista militante.



ENREDOS

2008 - Xardíns do IES Monte Neme - Manuel Facal

Nos xardíns do Instituto de Educación Secundaria Monte Neme, á entrada do centro, encontrarás esta escultura de ferro, inaugurada en 2008. Foi ideada polo escultor e gravador carballés Manuel Facal e realizada polo alumnado de taller de Mecanizado do propio IES baixo a supervisión do artista. A estatua mide dous metros e pesa 300 quilos. Xunto coas esculturas "O escalo" e "O peixe", completa a tríade de obras coas que Facal, escultor de sona internacional, contribuíu a dotar de novos referentes ao núcleo urbano. Todas as esculturas deseñadas por Facal para Carballo foron doadas gratuitamente polo artista e elaboradas por talleres carballeses.

PEIXE

2004 - Avenida Ponte da Pedra - Manuel Facal

Na rotonda da Avenida Ponte da Pedra, indo para o centro comercial Bergantiños, atoparás esta escultura deseñada por un dos nosos carballeses máis ilustres, Manuel Facal. Inaugurouse en 2004, mide sete metros e medio e ten un peso aproximado de 500 quilos. Este gran peixe de aceiro inoxidable, composto por 12 grandes tubos verticais e 144 escamas, foi inaugurado en 2004 como símbolo do Carballo de futuro, nunha das zonas de expansión do tramado urbano da vila.

